


CELEBRACIÓN EN OS COTOS

21-22 de decembro do 2024

IV DO TEMPO DO ADVENTO



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA,

E SEMPRE SEMENTANDO PAZ



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

SAÚDO DE BENVIDA

🎵 **nº 38** *Que veña Deus á nosa terra*

Celebrante:

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo.

A nosa celebración de hoxe comeza co desexo: “*Que veña Deus á nosa terra*”.

Na semana pasada preguntabámonos: nós que podemos facer? e dicíamos “comparte e alégrate”. Hoxe, no evanxeo, temos o exemplo: María preocúpase polos demais e vai botar unha man no momento de necesidade.

Vémola alegre e ilusionada na espera de Xesús e compartindo na visita á súa curmá Isabel que tamén está embarazada.

Nestes poucos días que quedan para o Nadal sintámonos ditosos porque, é certo, en María cúmprese a promesa de Deus Pai. Nela achégasenos Xesús, e con ela achegámonos para facer FOGAR DE NADAL como a igrexa acolledora que cremos vale a pena ser.

Isabel acolle con alegría a María, e felicítala porque nela cumprírase o dito polo Señor. Tamén nós, cada vez que acollemos, facemos que Xesús estea máis cerca.

ACTO PENITENCIAL

Celebrante: *Rematamos o acendido da coroa do advento. Neste percorrido agardando ao Señor quixemos atopar a luz que nos alumea no camiño da espera e o encontro con Deus e cos demais.*

Alguén se achega á coroa do advento mentres se canta

CANTO 🎵 n° 38 “**Que veña a luz** á nosa terra”

Monitor/a:

Hoxe, última semana do advento deixámonos alumear polas persoas que, como Santa María Nai, son exemplo:
* que tería sido de nós e do mundo sen o bo facer das nais?

* Como Isabel con María deixámonos alumear pola luz de todas esas persoas que sabemos que están á nosa beira, que saben escoitarnos, que saben aconsellarnos.

* Como María con Isabel deixámonos alumear por todas esas persoas que nos demostran que vale a pena fiarse dos seus consellos e dos seus feitos.

E acéndese unha das velas da coroa, mentres se canta

CANTO 🎵 n° 38 “**Que medre a luz** na nosa terra”

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: *Pousamos nas mans de Deus os nosos esforzos por facer as cousas mellor; e lembramos ás persoas que viven esperando que alguén se lle achegue.*

(silenzo)

Celebrante:

Deus, noso Pai,
enche coa túa graza os nosos corazóns.

Polo anuncio do anxo
déchesnos a coñecer a encarnación do teu Fillo.

Lévanos, polo seu evanxeo e pola súa vida,
á gloria do seu Reino de xustiza e paz.

Pedímoscho por Xesucristo,
que por Santa María se achega a nós
e vive e reina por sempre eternamente. Amén.

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Celebrante:

O evanxeo preséntanos o encontro de María coa súa curmá Isabel. Encontro de quen se fía, encontro de quen espera, encontro de quen quere dar unha man, encontro de quen fai fogar.

*Facendo nosas as palabras de Isabel que escoitamos no evanxeo, felicitamos nós a María:
“Ditosa ti, porque criches e hase cumprir”.*

*Leccionario I-C páxina 12 **Miq 5, 1-4** LECTURA*

LECTURA DA PROFECÍA DE MIQUEAS

Isto di o Señor:

E ti, Belén de Efratah, tan pequeniña entre as familias de Xudá, de ti vai saír un que será o soberano de Israel; a súa orixe é desde antigo, desde os días do comezo.

El seranos conservado para sempre, mentres haxa muller que dea a luz; o resto dos seus irmáns volverá, e serán devoltos os fillos de Israel.

Manterase firme e pastoreará co poder do Señor, coa gloria do nome do Señor, o seu Deus, e cando se instalen ata o mesmo cabo da terra, estenderá a súa grandeza: "o da Paz" será o seu nome.

Palabra do Señor

🎵 **nº 7 Andarei na presenza do Señor SALMO**

(en pé) *Leccionario I-C pág 14* Lc 1, 39-45 EVANXEO

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO LUCAS

Naqueles días saíu María con moita présa camiño da montaña, a unha vila de Xudá. Entrou na casa de Zacarías e saudou a Isabel. E en oíndo Isabel o saúdo de María, o neno brincoulle no ventre.

Entón, chea do Espírito Santo, exclamou Isabel, a grandes voces:

- Bendita ti entre as mulleres e bendito o froito do teu ventre. Quen son eu para que me visite a nai do meu Señor? Pois ao que chegou o teu saúdo aos meus oídos, brincou de alegría a criatura no meu ventre. ¡Ditosa ti que criches que se cumpriría canto che anunciaron de parte do Señor!.

Palabra do Señor

(**sentad@s**) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón



Presentación do taboleiro FOGAR DO NADAL



Coa súa axuda deste taboleiro fomos preparando o FOGAR DO NADAL.

Xesús achégase, e nós acabamos de abrir o noso fogar para que Xesús naza e se faga á nosa beira.

Como signo da igrexa acolledora que cremos vale a pena ser, **abrimos a cuarta e última semana do advento.**

DITOSA TI MARÍA.

**CUMPRIRASE O ANUNCIADO
PORQUE EL ESTÁ A CHEGAR**



4^a advento
DITOSA TI,
MARÍA.
CUMPRIRASE
O ANUNCIADO
PORQUE EL
ESTÁ A CHEGAR

Velaquí o que hoxe nos propón este advento:

FIXÉMONOS EN MARÍA:

* Ela ponse en camiño, quere achegarse a quen precisa da súa man,

* Ela leva a Xesús dentro, pois deixou que medrara no seu interior,

* Ela ten confianza, o Señor quíxoa sendo parte na Salvación. Nela cúmprese a promesa porque Ela foi a primeira que quixo facerse FOGAR de Nadal,

FIXÉMONOS, agora, EN ISABEL:

* É unha muller acolledora.

* É unha muller agradecida.

* É unha muller atenta e sabe que María trae a Xesús.

Queremos tamén nós ter a Deus á nosa beira,
queremos ser FOGAR DE NADAL,
queremos LEVAR e ACOLLER CON NÓS
a María e a Xesús como fixo Isabel.

Mantemos un momento de reflexión e silencio

(en pé)

PROFESIÓN DA FE

***Celebrante:** Neste encontro parroquial, querendo facer igrexa de fogar, preparámonos para acoller a Xesús noso Salvador. O credo de hoxe achéganos a Santa María, a primeira en facerse FOGAR DE NADAL:*

♪ ***Si, creemos***

Monitor/a:

Credes en Deus Pai, que nos acompaña no camiño na procura dunha nova humanidade na que todos nos sintamos irmáns e nos deamos unha man?

Si, creemos

Credes en Xesús, que se achega a todos nós e nos convida a estar alegres pola súa Boa Nova, e que nos alenta a deixalo medrar no noso interior?

Si, creemos

Credes no Espírito de Deus que nos alenta a compartir de corazón coas persoas que necesitan dunha man?

Si, creemos

Credes na igrexa, comunidade e terra na que o Señor fai saír gromos de paz, de xustiza e de esperanza?

Si, creemos

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: Oremos ao Señor, noso Deus. Quen espera nel faise fogar acolledor. Oremos dicindo:

VISITA AO TEU POBO, SEÑOR

Monitor/a:

✓ Rezamos para que cumpramos coas nosas responsabilidades de ser acolledores, pois non podemos deixarnos levar do individualismo. Oremos

✓ Rezamos para que cumpramos coa obriga da igualdade, pois necesitamos medrar en tolerancia e respecto. Oremos

✓ Rezamos para que cumpramos facendo ben e dando unha man ás persoas, familias ou pobos que por unhas ou outras razóns non van ter un bo Nadal. Oremos

✓ Rezamos para que as persoas que teñen responsabilidades de goberno cumpran coa tarefa de procurar o ben común, e axuden a construír camiños de paz. Oremos

✓ Rezamos para que cumpramos no esforzo polo ben das nosas aldeas, os nosos montes, a nosa natureza. Querémola coidada, viva e dándonos vida. Oremos

Celebrante: Así queremos camiñar e facer, como María, achegándonos a quen necesita unha man. Que nunca nos falte este bo facer para ser Fogar de Nadal, por sempre eternamente. Amén

3.- OS SIGNOS DA COMUNIÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante: Deus camiña cerca. Cerca de quen é capaz de amosar a tenrura de ser nai, cerca de quen está convencido de que sempre se pode dar unha man, de que sempre se pode compartir e estar á beira. Cerca de quen loita pola dignidade do rural. Deus está en ti, en min, en nós, e xuntos querendo ser igrexa de fogar rezamos como o aprendemos en Xesús:

NOSO PAI ...



SIGNO DA PAZ

Celebrante: Esperamos a túa paz Señor para que tamén nós poidamos transmitila a tantas persoas que viven sen esperanza. Ser fogar acolledor na fe é selo contigo Señor, é selo con todos os homes e mulleres, e é selo como Santa María achegándonos a quen precisa a nosa man. Fagámolo agora compartindo un xesto de paz.

♪ n° 38 Que medre a paz

COMUÑÓN

Celebrante: *Compartimos a Boa Nova coa que Deus nos agasalla. Fagamos sitio a Aquele que quere nacer no medio de nós no Nadal.*

Ditosos nós que hoxe somos a igrexa do fogar que como Santa María nos dispoñemos para acoller a Cristo. Facémolo agora compartindo este pan do Señor.

Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar

🎵 *nº 38 Que medre o amor (o ben, a fe, ...)*

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante:

Señor, pedimos que volvas para nós os teus ollos compasivos e cheos de agarimo.

Fai que o noso compartir de cada día nos achegue a celebrar as vindeiras festas do Nadal coa mesma ilusión e esperanza que mostrou Santa María.

Pedímoscho a Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén.

Coa nosa celebración de advento deixamos que Xesús nos medre dentro e facémonos cumpridores da promesa de Deus.

A nosa celebración de advento é ser tamén unha ventana aberta para facer da nosa Unidade Pastoral unha comunidade acolledora con todos.

Como signo de que queremos facer sitio a este Xesús que se achega imos levar con nós esta ventana aberta.

Repartimos as ventanas da cuarta semana de advento

Coa ventana que hoxe nos levamos levemos tamén o compromiso de non deixar que a vida nos siga enchendo de rutinas.

Levemos o compromiso de achegarnos a quen precisa unha palabra de ánimo ou unha man de axuda. Fíxoo Santa María coa súa curmá Isabel. Nós con quen o podemos facer?.



**Encontro de corais
con concerto de
“panxoliñas de nadal”
este domingo 22 ás 6’30
na igrexa de Fornelos
en colaboración con
cáritas de Os Cotos**

Avísase das misas (ver folla do mes)

*Que teñamos un bo día, unha boa semana,
e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal
e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén
Podémonos ir en paz*